



Confederación Intersindical Galega
ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

NOTA INFORMATIVA 14/10/2010

ACCIÓN SOCIAL

Infórmannos de que na nómina de outubro vaise incluír o cobro das axudas de acción social, todas excepto novas tecnoloxías, saúde e vivenda.

As axudas de saúde cobraranse na nómina de novembro, e as de novas tecnoloxías e vivenda na de decembro.

Hai aproximadamente 1000 instancias de peticións de axudas con "problemas". Case que todas pertencen a fixos discontinuos que non deixaron un teléfono de contacto, polo que sería conveniente que estes compañeiros se puxeran en contacto co Dpto. de RR.HH. para comprobar se as súas instancias teñen algún problema.

CONCURSOS

SUBGRUPO A2 (CTH): está próxima a súa publicación, aínda que non nos dan data definitiva. De momento déronnos as bases do concurso.

AXENTES, SVA, AUXILIARES e ADMINISTRATIVOS: non concretan nada, pero "din" que queren convocar concursos destes colectivos antes de fin de ano (que ningún se faga ilusións...)

SUBGRUPO A1 (Inspectores): hoxe quedou constituída a Comisión de Valoración para este concurso que xa está en marcha. Con este concurso a Administración pretende amañar e consolidar as comisions de servizo e adscricións provisionais dos inspectores de facenda, sacando un concurso con 133 prazas nas que se reparten un específico de case 4 millóns de euros. Incrementase así o custo destas 133 persoas en case 1 millón e medio de euros. Xa se ve onde está o reparto...

CIG-AEAT:

DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA

Comandante Fontanes, 10-sót. - A Coruña

TELF:981 61 68 89-EXT.:868 89//FAX 981 12 72 22

cigaeat@gmail.com

WWW.CIGAEAT.COM